

## 5º.- TRÁMITES PARA A CONSTITUCIÓN DA EMPRESA

---

Para a constitución da empresa é necesario realizar unha serie de trámites administrativos e legais. Aínda que existen xestións comúns a tódalas sociedades, algúns trámites variarán dependendo da forma xurídica que vai revestir o futuro negocio.

Os trámites podémolos clasificar da seguinte forma:

- **Trámites comúns** a tódalas formas ante distintos organismos: licencia de apertura, licencia de obras, inscrición da empresa na seguridade social...
- **Trámites específicos** para cada forma xurídica: certificación negativa do nome, outorgamento da escritura pública...
- **Outros trámites segundo a actividade:** permisos, autorizacións, rexistros especiais...

### Trámites Comúns

#### ADOPCIÓN DA PERSONALIDADE XURÍDICA

Os primeiros trámites que deben realizar as empresas mercantís son relativos á obtención da personalidade. Son os seguintes:




#### - Ante o Concello:

#### LICENZA DE APERTURA DO LOCAL

Está obrigada a solicitar a licenza de apertura do establecemento calquera persoa física ou xurídica que desexe iniciar una actividade mercantil ou industrial. Consiste nunha certificación de que o mesmo reúne as condicións axeitadas á actividade a realizar.




Existen dous tipos de licenza: unha para actividades inocuas e outras para actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas. A autorización tarda varios meses en tramitarse, se ben sole permitirse o exercicio da actividade desde a presentación da solicitude con toda a documentación requirida.

Será obrigatoria cando o/a empresario/a vaia realizar a súa actividade nun local de negocio. Non terán que solicitala as/os profesionais liberais, agás cando utilicen aparatos ruidosos.

-  Prazo: antes do inicio da actividade.
-  Documentación: modelo oficial.
-  Lugar: Rexistro Xeral do Concello, Rúa Presidente Salvador Allende nº 4, Santiago de Compostela.

## LICENZA DE OBRAS MENORES



Será obrigatoria cando se efectúen obras de acondicionamento no local afecto á actividade. Tramítase conxuntamente coa licencia de apertura.

-  Prazo: antes do inicio da actividade
-  Documentación: modelo oficial .
-  Lugar: Rexistro Xeral do Concello, Rúa Presidente Salvador Allende nº 4, Santiago de Compostela.

(\*) Para o caso de ter que acometer obras de construción dunha nave ou doutro inmovible de grandes dimensións, deberá solicitar licencia de obras maiores.




## ALTA NO IMPOSTO DE BENS INMOBLES (I.B.I.)

Grava a titularidade de bens inmoebles de natureza rústica e urbana sitos no Concello de Santiago de Compostela.

-  Documentación: modelo oficial, escritura de compravenda, último recibo se existe e fotocopia do DNI ou NIF.
-  Lugar: Servicio de Xestión, Recadación e Inspección, Rúa Galeras núm. 5, Santiago de Compostela.

## IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (I.C.I.O.)

Págase no caso de efectuar obras de acondicionamento nos locais afectos á actividade.

-  Prazo: unha vez concedida a licencia de obras.
-  Documentación: modelo oficial, carta de pago (2% do orzamento) e DOCA (taxa por expedición de documentos administrativos).
-  Lugar: Servicio de Xestión, Recadación e Inspección, Rúa Galeras, núm. 5, Santiago de Compostela.

## TAXAS POR RECOLLIDA DE LIXO

Para o caso de que o local no que se vai a desempeñar a actividade estea sito nun edificio de nova construción, deberá darse de alta no recibo da auga e recollida de lixo na correspondente empresa subministradora.

No caso de que a actividade se vaia a desenvolver nun local que xa estea dado de alta, simplemente se comunicará o cambio de titularidade.

-  Lugar: Aquagest, Rúa do Vilar, núm. 15 e 18, Santiago de Compostela.

- **Ante a Tesorería Xeral da Seguridade Social:**

**ALTA NO RÉXIME ESPECIAL DE AUTÓNOMOS**

- ✓ **Empresaria/o Individual**, está obrigado a darse de alta no réxime especial de autónomos con independencia de se ten ou non traballadores/as.
- ✓ **Sociedades Cívís**, sempre que desempeñen actividade daranse de alta neste réxime.
- ✓ **Sociedades Limitada e Anónima**, estarán obrigatoriamente incluídos as/os traballadoras/es que teñan o control efectivo da sociedade, tanto se exercen funcións directivas ou de xerencia como calquera outra actividade.

Existe control efectivo nos seguintes casos:

Cando se posúa alomenos a metade do capital social. Tamén se entenderá que o/a traballador/a ten o control efectivo, salvo proba do contrario, cando:

- 50 % do capital estea distribuído entre socios/as cos que conviva e ós que lle una un vínculo conxugal ou de parentesco por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o 2º grado.
  - A súa participación no capital social sexa igual ou superior á terceira parte do mesmo.
  - A súa participación no capital social sexa igual ou superior á cuarta parte do mesmo se ten atribuídas funcións de dirección e xerencia na sociedade.
- ✓ **Sociedades Laborais**, as/os socias/os traballadoras/es daranse de alta neste réxime cando a súa porcentaxe no capital social xunto coa do seu cónxuxe e parentes ata o 2º grado cos que conviva, alcance polo menos o 50 %, salvo que para o control efectivo da sociedade se requira a participación de persoas alleas aos vínculos familiares.
  - ✓ **Cooperativas de traballo asociado** os/as socios/as daranse de alta como autónomos cando opten por este réxime nos seus estatutos.

🕒 Prazo: 30 días naturais seguintes ó inicio da actividade.

📄 Documentación:

a) Empresario/a individual: modelo TA.0521/A, fotocopia do DNI do/a empresario/a, fotocopia da alta no IAE e esixencia de estar colexiado no caso das/os profesionais.

b) Sociedades civís: modelo TA0521/6. Sociedades mercantís e laborais: TA 0521/5. En ambos casos, fotocopia do DNI, da alta no IAE e da escritura de constitución ou documento privado segundo corresponda.

c) Cooperativa de Traballo Asociado: modelo TA 0521/4, CIF da empresa, fotocopia do DNI dos/as socios/as, da alta no IAE, e da escritura de constitución.


 Lugar: Tesourería Xeral da Seguridade Social, Rúa San Pedro de Mezonzo, núm. 17, Santiago de Compostela.


## **INSCRICIÓN DA EMPRESA NA SEGURIDADE SOCIAL**

Cando o/a empresario/a teña traballadoras/es por conta allea, debe solicitar a inscrición da súa empresa na Seguridade Social.

No momento de solicitar a inscrición debe facer constar, na propia solicitude, ou en declaración anexa, a entidade xestora e/ou entidades/s colaboradoras polas que opta tanto para a protección das continxencias de traballo e enfermidades profesionais como para a cobertura da prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns.


 Prazo: antes de que as/os traballadoras/es inicien a súa actividade.

 Documentación: modelo TA.6, fotocopia de alta no IAE, documento de asociación ou proposta de asociación do/a empresario/a coa entidade que vai a cubrir as continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais (AT/EP) e fotocopia do DNI. Tamén se aportará, salvo no caso do/a empresario/a individual, a escritura de constitución ou documento privado cos selos do abono do ITPAXD.

 Lugar: Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS), Rúa San Pedro de Mezonzo, núm. 17, Santiago de Compostela.

## **COBERTURA DE RISCOS DE AT/EP (CONTINXENCIAS PROFESIONAIS)**



O/a empresario/a debe ter un sistema de cobertura de riscos de accidentes de traballo e enfermidades profesionais para as/os traballadoras/es, podendo optar entre a S.S. ou unha mutua adscrita á mesma. Este trámite realízase paralelamente xunto coa inscrición da empresa.

 Documentación: Modelo TA.16. No caso da Cooperativa de Traballo Asociado tamén se achegará a fotocopia do DNI do/a representante da sociedade.

-  Lugar: Tesourería Xeral da Seguridade Social, Rúa San Pedro de Mezonzo, núm. 17, Santiago de Compostela.




## **COBERTURA DA PRESTACIÓN ECONÓMICA DE INCAPACIDADE TEMPORAL POR CONTINXENCIAS COMÚNS**

No caso de que o/a empresario/a cotice como autónomo poderá optar por un sistema de cobertura da prestación económica de incapacidade temporal por continxencias comúns, a través dunha mutua adscrita á Seguridade Social.

-  Documentación: Modelo TA.0021.
-  Lugar: Tesourería Xeral da Seguridade Social, Rúa San Pedro de Mezonzo, núm. 17, Santiago de Compostela.

## **ALTA E AFILIACIÓN DAS/OS TRABALLADORAS/ES Ó RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL**




O/a empresario/a está obrigado a afiliar ós traballadoras/es ao seu servizo, salvo que estivesen afiliados previamente.

-  Prazo: antes da prestación dos servizos do/a traballador/a.
-  Documentación:
  - a) Alta: fotocopia DNI do/a traballador/a e modelo TA.2/S.
  - b) Afiliación: fotocopia DNI do/a traballador/a e modelo TA.1.
-  Lugar: Tesourería Xeral da Seguridade Social, Rúa San Pedro de Mezonzo, núm. 17, Santiago de Compostela.

- Ante a Xunta de Galicia:




## **COMUNICACIÓN DE APERTURA DO CENTRO DE TRABAJO**

Deberá comunicarse a apertura do centro de traballo antes do inicio da actividade ou a súa reanudación.

-  Prazo: dentro dos 30 días seguintes ó inicio da actividade.
-  Documentación: modelo oficial por triplicado .
-  Lugar: Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela.

## **OBTENCIÓN E DILIXENCIA DOS LIBROS DE VISITA**

O/a empresario/a debe adquirir os libros de visita nunha imprenta ou librería e dilixencialos posteriormente.

-  Prazo: dentro dos 30 días seguintes ao inicio da actividade.
-  Documentación: libros de visita.
-  Lugar: Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, Rúa Menéndez Pelayo, núm. 18-20, 1º andar, A Coruña.

## CALENDARIO LABORAL

O calendario laboral deberá estar exposto no centro de traballo nun lugar visible.




(A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicará anualmente no DOG o calendario laboral para Galicia sinalando os festivos autonómicos e locais para cada Concello).

- **Ante o Servizo Público de Emprego:**

## PRESENTACIÓN DA COPIA DO CONTRATO E COPIA BÁSICA

O/a empresario/a que teña traballadoras/es, estará obrigado a presentar no Servizo Público de Emprego as copias firmadas dos contratos de traballo, e as copias básicas dos mesmos debidamente firmadas polas/os representantes sindicais da empresa.




Non obstante, o Real Decreto 1424/2002 do 27 de decembro suprime a obriga de rexistrar nas oficinas públicas de emprego a copia firmada dos contratos de traballo e as súas prórrogas, substituíndoa por comunicacións fehacentes a través de medios telemáticos.

-  Prazo: 10 días dende o inicio da actividade.
-  Documentación: 3 copias do contrato de traballo e 2 copias básicas firmadas polas/os representantes sindicais e para o caso de non existir representantes sindicais, presentaranse igualmente pero consignando esta circunstancia.
-  Lugar: Oficina do Servizo Público de Emprego do lugar onde esté ubicado o centro de traballo ou a razón social da empresa. En concreto, en Santiago existen dúas:
  - a) Rúa Ramón Piñeiro, 7-9, baixo, Santiago de Compostela.
  - b) Rúa Tomiño, 28, baixo, Santiago de Compostela.

- **Ante os Rexistros:**

## REXISTRO DA PROPIEDADE INMOBILIARIA



O Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITPAXD) grava:

- a adquisición de inmobles.
  - a constitución dunha sociedade.
- 
-  Prazo: 30 días hábiles desde a firma da escritura de compravenda ou documento privado, ou ben desde o outorgamento da escritura de constitución, segundo sexa o caso.
  -  Documentación: Modelo 600 de autoliquidación e escritura de compravenda, documento privado ou escritura de constitución.
  -  Lugar: Rexistro da Propiedade Inmobiliaria nº 2, Rúa Galeras, 17, 4º andar, Santiago de Compostela.

### **REXISTRO INDUSTRIAL**

O uso de determinadas instalacións e equipos así como a realización de actividades de carácter industrial, conleva a obrigatoriedade de inscrición no Rexistro Industrial.

Oficina de Tramitación Única de Industria: funcións de información e asesoramento en materia de creación de industrias e de recepción e impulso dos expedientes administrativos que se inclúen noutras unidades administrativas para a posta en funcionamento dunha nova industria, traslado ou ampliación dun establecemento industrial.

-  Documentación: fotocopia do CIF, solicitude na que consten os datos e características da instalación, proxecto técnico visado polo correspondente Colexio Oficial -se procede- e a que esixa a lexislación sectorial para as actividades de instalacións industriais.
-  Lugar: Delegación Provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, edificio administrativo Monelos, Praza Luís Seoane, 1º e 2º andar, A Coruña.

### **REXISTRO DA PROPIEDAD INDUSTRIAL. OFICINA ESPAÑOLA DE PATENTES E MARCAS.**

O fin da inscrición no mesmo é a protección xurídica das marcas, patentes e nomes comerciais en xeral.

Está sito en Madrid na Rúa Panamá, 1. Para máis información, consulte a páxina Web da Oficina Española de Patentes e Marcas ([www.oepm.es](http://www.oepm.es)).

### **REXISTRO MERCANTIL**

A inscrición no Rexistro Mercantil será obrigatoria para tódalas formas societarias. Non obstante, para o/a empresario/a individual e as cooperativas

é un trámite de carácter voluntario. Nas Sociedades Cívís, só será obrigatorio no caso de ter personalidade xurídica.

Para a provincia da Coruña, está sito na Rúa Novoa Santos, 5-7-9, 1º e 2º andar.




## TRÁMITES ESPECÍFICOS

---

### EMPRESARIA/O INDIVIDUAL

#### DECLARACIÓN CENSAL E DECLARACIÓN PREVIA DE INICIO DA ACTIVIDADE



Son actos simultáneos e consisten en comunicar a Facenda os datos de identificación e situación tributaria do/a empresario/a. No caso do/a empresario/a individual non é necesario solicitar o CIF se se ten o Número de Identificación Fiscal (NIF).

-  Prazo: antes do inicio da actividade.
-  Documentación : modelo 036 e fotocopia do DNI ou NIF
-  Lugar: Delegación Territorial da Axencia Estatal da Administración Tributaria, Salgueiriños, s/n, Santiago de Compostela

#### ADQUISICIÓN DOS LIBROS CONTABLES

Como/a empresario/a individual e con carácter xeral, debe adquirir os seguintes libros contables aínda que non é preciso dilixencialos en Facenda.

- A efectos do IRPF:
  - Libro rexistro de ingresos e vendas
  - Libro rexistro de gastos
  - Libro de bens de inversión e amortización
  - Libro de provisións de fondos e suplidos, para o caso de profesionais
- A efectos de IVE:
  - Libro rexistro de facturas recibidas
  - Libro rexistro de facturas emitidas
  - Libro de bens de inversión (cando proceda e poderá selo mesmo que para o IRPF)

-  Prazo: antes do inicio da actividade.
-  Lugar: Axencia Estatal da Administración Tributaria, vía informática ou en estancos.

### SOCIEDADE CIVIL

As Sociedades Cívís polo obxecto ó que se dediquen poden revestir tódalas formas recoñecidas polo Código de Comercio, séndolle aplicables as súas disposicións. Isto influirá nos trámites de constitución da Sociedade debendo cumprir aqueles correspondentes ás Sociedades mercantís.






## CONTRATO DE CONSTITUCIÓN

Os/as futuros/as socios/as deberán elaborar un contrato de constitución privado no que se comprometen á creación dunha S.C.




### OUTORGAMENTO DE ESCRITURA PÚBLICA

Poderán optar entre un contrato privado ou escritura pública. Sen embargo, a escritura pública será obrigatoria no caso de aportación de bens inmobles ou dereitos reais.

-  Prazo: antes do inicio da actividade.
-  Documentación: DNI de tódolos/as socios/as, datos da Sociedade (aportacións, domicilio da empresa, administradores..) e contrato de constitución.
-  Lugar: Notaría.



### IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS (ITPAXD)

Este imposto grava a constitución dunha sociedade, sendo o tipo impositivo do 1% para as primeiras copias de escritura e actas notariais.

-  Prazo: 30 días hábiles dende o outorgamento da escritura pública ou contrato de constitución.
-  Documentación: Modelo 600 de autoliquidación e documento privado ou escritura de constitución.
-  Lugar: Rexistro da Propiedade Inmobiliaria nº 2, Rúa Galeras, 17, 4º andar, Santiago de Compostela.

### DECLARACIÓN CENSAL E DECLARACIÓN PREVIA PARA INICIO DA ACTIVIDADE




Son actos simultáneos e consisten en comunicar a Facenda os datos de identificación do/a empresario/a, e a súa situación tributaria ou obrigacións tributarias por inicio de actividade.

-  Prazo: antes do inicio da actividade.
-  Documentación :
  - a) Solicitude do CIF: modelo 036, copia da escritura pública ou documento privado de constitución e copia do DNI dos/as socios/as.
  - b) Declaración previa de inicio da actividade: modelo 036, escritura pública ou documento privado de constitución, fotocopia do DNI do/a socio/a que represente á Sociedade. O modelo 036 xa recolle un anexo onde facer constar os datos identificativos de cada socia/o, sendo só preciso cubrir o modelo 037 en determinados supostos ( por exemplo que os/as socios/as realicen ademais outras actividades profesionais).

 Lugar: Delegación Territorial da Axencia Estatal da Administración Tributaria, Salgueiriños, s/n, Santiago de Compostela.

## **ALTA NO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (I.A.E)**

É indispensable darse de alta no correspondente epígrafe do IAE segundo a actividade económica a desenvolver. Só estarán obrigados ao seu pago aqueles que facturen máis dun millón de euros anuais.

-  Prazo: dentro dos dez días anteriores ao inicio da actividade.
-  Documentación: impreso oficial, fotocopia do documento que acredite poder para actuar no nome da empresa, fotocopia do DNI do que o presente e fotocopia do CIF provisional da empresa.
-  Lugar: Servicio de Xestión, Recadación e Inspección, Rúa Galeras, 5, 3º andar, Santiago de Compostela.

## **ADQUISICIÓN DOS LIBROS CONTABLES**




As Sociedades Cívís deben adquirir os libros contables que correspondan a efectos de IVE e segundo o réxime de IRPF polo que opten, non sendo obrigatorio selalos no Rexistro Mercantil da Coruña.

-  Prazo: antes do inicio da actividade.
-  Lugar: AEAT, vía informática ou en estancos.

## **SOCIEDADE LIMITADA**

### **CERTIFICACIÓN NEGATIVA DO NOME**

A Sociedade Limitada que se vai a constituír debe obter unha certificación acreditativa de que non existe unha denominación ou razón social idéntica á súa. Pódense solicitar na mesma instancia ata tres denominacións e concederáse a primeira que non apareza rexistrada.

-  Prazo: antes do outorgamento da escritura pública de constitución no Notario. A certificación esixe o outorgamento da escritura no prazo de dous meses dado que pasado dito prazo, a certificación caducará.
-  Documentación: instancia por escrito en modelo oficial solicitando a certificación ao Rexistro Mercantil Central. Dita solicitude poderase remitir por correo ordinario ou ben a través do correo electrónico (na páxina Web do Rexistro –www.rmc.es- existe un modelo de solicitude).
-  Lugar: Rexistro Mercantil Central, Rúa Príncipe de Vergara, 94, Madrid.

## **ELABORACIÓN DOS ESTATUTOS**

Normas que rexen a estrutura e o funcionamento interno da Sociedade. Deben ter un contido mínimo:

- ✓ Denominación e obxecto social
- ✓ Data de peche do exercicio
- ✓ Domicilio social
- ✓ Capital social sinalando as participacións nas que se divida xunto co seu valor nominal e a súa enumeración correlativa e o modo/s de organizar a administración da Sociedade .

🕒 Prazo: antes do outorgamento da escritura de constitución.

🏢 Lugar: elaboración pola propia Sociedade, Notaría ou Avogado/a.

### **OUTORGAMENTO DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN**

É un trámite de inescusable cumprimento a través do cal nace a vida xurídica da empresa, quedando efectivamente constituída.

🕒 Prazo: antes do inicio da actividade e dentro do prazo de dous meses desde a obtención da certificación negativa da denominación da Sociedade, co obxecto de que esta non caduque.

📄 Documentación: certificación negativa do nome, DNI de tódolos/as socios/as, se algún socio é persoa xurídica aportarase o poder do representante da entidade, certificado bancario que acredite o ingreso do importe do capital social, Estatutos da Sociedade e outros datos de interese (aportacións, domicilio da empresa, administradores,...).

🏢 Lugar: Notaría.

### **IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS (ITPAXD)**

Este imposto grava a constitución dunha sociedade, sendo o tipo impositivo do 1 % sobre o capital social.




🕒 Prazo: 30 días hábiles dende o outorgamento da escritura de constitución.

📄 Documentación: Modelo 600 de autoliquidación e escritura de constitución.

🏢 Lugar: Rexistro da Propiedade Inmobiliaria nº 2, Rúa Galeras, 17, 4º andar, Santiago de Compostela.




### **INSCRICIÓN DA SOCIEDADE NO REXISTRO MERCANTIL**

É un trámite obrigatorio para o caso dunha Sociedade de Responsabilidade Limitada.

-  Prazo: despois do outorgamento da escritura de constitución.
-  Documentación: escritura de constitución e Estatutos, fotocopia do CIF provisional da empresa, modelo 600 (ITPAXD).
-  Lugar: Rexistro Mercantil, Rúa Novoa Santos, 5-7-9, 1º andar, A Coruña. A Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago (Rúa San Pedro de Mezonzo, 44), ocúpase da xestión da tramitación deste requisito.




## **DECLARACIÓN CENSAL E DECLARACIÓN PREVIA PARA INICIO DA ACTIVIDADE**

Son actos simultáneos e consisten en comunicar a Facenda os datos de identificación do/a empresario/a, e a súa situación tributaria ou obrigacións tributarias por inicio de actividade.

-  Prazo: antes do inicio da actividade.
-  Documentación :
  - a) Solicitud do CIF: modelo 036, copia da escritura de constitución e estatutos sociais e fotocopia do DNI do/a administrador/a.
  - b) Declaración previa de inicio da actividade: modelo 036.
-  Lugar: Delegación Territorial da Axencia Estatal da Administración Tributaria, Salgueiriños, s/n, Santiago de Compostela.

## **ALTA NO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (I.A.E)**

A alta no IAE é obrigatoria para tódolos que exerzan unha actividade económica; só estarán obrigados ao seu pago aqueles que facturen máis dun millón de euros anuais.

-  Prazo: dentro dos dez días anteriores ao inicio da actividade.
-  Documentación: impreso oficial, fotocopia do documento que acredite poder para actuar no nome da empresa, fotocopia do DNI da persoa que o presente e fotocopia do CIF provisional da empresa.
-  Lugar: Servicio de Xestión, Recadación e Inspección, Rúa Galeras, 5, 3º andar, Santiago de Compostela.

## **ADQUISICIÓN DOS LIBROS CONTABLES E DILIXENCIAMENTO**

A Sociedade de Responsabilidade Limitada debe adquirir os seguintes libros contables: Libro Diario, Libro de Inventario, Libro de Socios, Libro de Actas e Contas Anuais, debendo selalos no Rexistro Mercantil da Coruña, en branco e

para o caso de optar pola modalidade informatizada, dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio (ata o 30 de abril).

Documentación: libros contables e solicitude por duplicado.

Lugar: Rexistro Mercantil, Rúa Novoa Santos, 5-7-9, 1º andar, A Coruña. A Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago ocúpase de xestionar o trámite de selado dos libros cobrando unha cantidade diferente segundo o número de libros a selar.

## **SOCIEDADE ANÓNIMA**

Como especialidade, destacar que para o caso de facerse aportacións non dinerarias, será necesario que unha persoa experta independente designado polo Rexistro Mercantil, emita un informe sobre o valor do que se pretende aportar, informe que se necesita tamén nas ampliacións de capital.

Os requisitos específicos coinciden cos da Sociedade de Responsabilidade Limitada. En concreto:

- Certificación negativa do nome.
- Elaboración dos Estatutos Sociais.
- Outorgamento da Escritura de Constitución <sup>(1)</sup>
- Autoliquidación do ITPAXD.
- Inscripción da Sociedade no Rexistro Mercantil.
- Declaración censal e declaración previa para inicio de actividade.
- Alta no imposto de actividades económicas (I.A.E).
- Adquisición e dilixenciamento dos libros contables.

Neste caso, o capital social debe estar desembolsado no acto da escritura, en alomenos o 25% , debendo desembolsarse o resto na forma e prazo previsto polos estatutos. No caso de non expresarse unha data concreta, debe indicarse a que órgano social (xunta xeral ou órgano de administración) confíase a determinación do momento para esixir aos accionistas o seu desembolso. Se dita facultade se atribúe ao órgano de administración, o acordo anunciarase no BORME indicando a forma e prazo acordados para realizar o pago.

## **SOCIEDADE LABORAL**

Os requisitos específicos coinciden cos da Sociedade de Responsabilidade Limitada e Sociedade Anónima. En concreto:

- Certificación negativa do nome.
- Elaboración dos Estatutos Sociais.
- Outorgamento da Escritura de Constitución.
- Autoliquidación do ITPAXD.
- Inscripción da Sociedade no Rexistro Mercantil.
- Declaración censal e declaración previa para inicio de actividade.
- Alta no imposto de actividades económicas (I.A.E).

- Adquisición e dilixenciamento dos libros contables

A peculiaridade que presentan estas dúas formas xurídicas é a obrigatoriedade da obtención de calificación como Sociedade Limitada Laboral ou Anónima Laboral e inscrición no Rexistro administrativo de Sociedades Laborais.

### **OBTENCIÓN DA CALIFICACIÓN COMO SOCIEDADE LIMITADA LABORAL OU ANÓNIMA LABORAL E INSCRICIÓN NO REXISTRO ADMINISTRATIVO DE SOCIEDADES LABORAIS**

É un trámite de carácter obrigatorio para as Sociedades Limitadas Laborais e Anónimas Laborais.

- 🕒 **Prazo:** con posterioridade ó outorgamento da escritura de constitución.
- 📄 **Documentación:** solicitude de cualificación e inscrición, copia autorizada e unha simple da correspondente escritura na que conste expresamente a vontade das/os outorgantes de fundar unha Sociedade Laboral e xustificante do pago da taxa.
- 🏛️ **Lugar:** Dirección Xeral de Relacións Laborais, Consellería de Traballo, Edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela.

## **COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO**

### **OBTENCIÓN DA CERTIFICACIÓN NEGATIVA DA DENOMINACIÓN**

Trátase de obter o certificado de que non figura inscrita outra entidade cooperativa coa mesma denominación ca que se pretende constituír. Terá que solicitarse a nome dun/dunha promotor/a ou da propia entidade cooperativa, segundo proceda.

- 🕒 **Prazo:** antes do inicio da actividade.
- 📄 **Documentación:** solicitude por fax ou correo ordinario.
- 🏛️ **Lugar:** Sección Central do Rexistro de Cooperativas, Pío Baroja, 6, Madrid.

### **REDACCIÓN DO PROXECTO DE ESTATUTOS SOCIAIS**

Os Estatutos das Sociedades Cooperativas deberán ter un contido mínimo:

Denominación da Sociedade, domicilio e obxecto social, capital social mínimo, ámbito territorial, duración da Sociedade, as condicións e requisitos para adquirir a condición de socio/a e o réxime de baixa, cuantificación e

establecemento do réxime de participación mínima do/a socio/a, obrigas e dereitos dos/as socios/as, normas de disciplina social, forma de publicidade e prazo de convocatoria da Asemblea Xeral, aportación obrigatoria mínima para adquirir a condición de socio/a, composición dos órganos, réxime de transmisión das achegas dos/as socios/as e o seu dereito de reembolso sobre elas, réxime de seccións se se crean, causas de disolución e calquera outra que esixa a Lei 5/98 de Cooperativas de Galicia.

Tamén se deberá indicar o réxime de cotización na Seguridade Social dos/as socios/as traballadores/as (réxime xeral ou especial de autónomos).

- 🕒 Prazo: antes de solicitar a cualificación previa dos estatutos se se solicita, e en todo caso, antes do outorgamento da escritura de constitución.
- 🏛️ Lugar: propios/as socios/as, avogado/a ou Notaría.

## **CUALIFICACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA DO PROXECTO DE ESTATUTOS**

Os/As promotores/as facultados/as pola Asemblea Constituínte poderán, con carácter previo á elevación a pública da escritura de constitución, solicitar no Rexistro de Cooperativas competente a cualificación previa do proxecto de estatutos, agás acordo en contrario da propia Asemblea. Poderá ser instada pola representación legal da cooperativa.




- 🕒 Prazo: despois da redacción do proxecto de estatutos sociais.
- 📄 Documentación: solicitude de cualificación, Acta da Asemblea Constituínte certificada polo secretario, exemplar do proxecto de estatutos, orixinal da certificación negativa do nome.
- 🏛️ Lugar: cando o ámbito de actuación da cooperativa sexa a provincia da Coruña, farase no Rexistro Provincial de Cooperativa, Rúa Concepción Arenal 7 e 9 Piso 1º, A Coruña. Cando o ámbito de actividade se estenda a máis dunha provincia da Comunidade Autónoma Galega, será no Rexistro Central de Cooperativas, Dirección Xeral de Relacións Laborais, Subdirección Xeral de Cooperativas, Edificio Administrativo San Caetano, Santiago de Compostela.

## **OUTORGAMENTO DE ESCRITURA PÚBLICA**

A escritura pública de constitución recollerá, se é o caso, a acta da Asemblea Constituínte debendo ter un contido mínimo por lei:




Relación das/os promotoras/es; manifestación dos outorgantes de que todos/as os/as promotores/as reúnen os requisitos legais e estatutarios necesarios para ser socio/a da cooperativa que se constitúe; manifestación da vontade de fundar unha cooperativa da clase que se trate; Estatutos; manifestación dos/as outorgantes de que todos/as os /as promotores/as

desembolsaron como mínimo o 25 % da achega obrigatoria mínima para ser socio/a e acreditación do desembolso íntegro do capital social mínimo, identificación das persoas designadas para desempeñar os distintos cargos dos órganos sociais; o valor asignado ás achegas non dinerarias se as hai; declaración de obtención da certificación negativa do nome e calquera outro pacto ou acordo adoptado na Asemblea Constituínte (artigo 16.2 Lei de Cooperativas de Galicia).

-  Prazo: despois da solicitude da cualificación administrativa previa.
-  Documentación: acta da Asemblea Constituínte, se é o caso e Estatutos Sociais.
-  Lugar: Notaría.




### **IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS (ITPAXD)**

As cooperativas están exentas deste imposto na súa constitución, pero deben formalizar o trámite en Facenda.

-  Prazo: 30 días hábiles dende o outorgamento da escritura de constitución.
-  Documentación: Modelo 600 de autoliquidación e escritura de constitución.
-  Lugar: Rexistro da Propiedade Inmobiliaria nº 2, Rúa Galeras, 17, 4º andar, Santiago de Compostela.

### **INSCRIPCIÓN DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN NO REXISTRO DE SOCIEDADES COOPERATIVAS**

Outorgada a escritura de constitución, as/os promotoras/es facultadas/os deberán inscribir a Sociedade Cooperativa no Rexistro de Cooperativas competente.

-  Prazo: dous meses desde o outorgamento da escritura de constitución.
-  Documentación: solicitude, autoliquidación do ITPAXD, copia autorizada e simple da escritura pública e xustificante da liquidación de taxas.
-  Lugar: Cando o ámbito de actuación da Cooperativa sexa a provincia da Coruña, farase no Rexistro Provincial de Cooperativas, Rúa Concepción Arenal, 7 e 9, Piso 1º, A Coruña. Cando o ámbito de actividade se estenda a máis dunha provincia da Comunidade Autónoma Galega, será no Rexistro Central de Cooperativas, Dirección Xeral de Relacións Laborais, Subdirección Xeral de



Cooperativas, Edificio Administrativo San Caetano, Santiago de Compostela.

## **DECLARACIÓN CENSAL E DECLARACIÓN PREVIA PARA INICIO DA ACTIVIDADE**

Consisten en comunicar a Facenda os datos identificativos dos/as socios/as, así como a súa situación ou obrigacións tributarias por inicio de actividade. Son trámites simultáneos.

- 🕒 Prazo: antes do inicio da actividade.
- 📄 Documentación :
  - a) Solicitud de CIF: modelo 036, copia da escritura de constitución e copia do DNI dos/as socios/as.
  - b) Declaración previa de inicio da actividade: a mesma que para solicitar o CIF e a maiores, unha fotocopia do DNI da/o socia/o que represente á sociedade.
- 🏛️ Lugar: Delegación Territorial da Axencia Estatal da Administración Tributaria, Salgueiriños, s/n, Santiago de Compostela.

## **ALTA NO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (I.A.E)**

Estarán obrigadas ao seu pago as empresas que facturen máis dun millón de euros. Ademais as cooperativas gozarán dunha bonificación do 95% da cuota e posibles recargos.

- 🕒 Prazo: dentro dos dez días anteriores ó inicio da actividade.
- 📄 Documentación: impreso oficial, fotocopia do documento que acredite poder para actuar no nome da empresa, fotocopia do DNI da persoa que o presente e fotocopia do CIF provisional da empresa.
- 🏛️ Lugar: Servicio de Xestión, Recadación e Inspección, Rúa Galeras, 5, 3º andar, Santiago de Compostela.

## **ADQUISICIÓN DOS LIBROS SOCIAIS E CONTABLES E DILIXENCIAMENTO**

As Sociedades Cooperativas levarán ao día os seguintes libros dilixenciados e legalizados con carácter previo á súa utilización:

- ✓ Libro-rexistro de socios
- ✓ Libro-rexistro de achegas ao capital social
- ✓ Libro de Actas da Asemblea Xeral, do órgano de administración, de informes de censura de contas, dos liquidadores e, se é o caso, do Comité de Recursos, das Xuntas Preparatorias e das de Sección.
- ✓ Libro de inventarios e contas anuais
- ✓ Libro diario.

- ✓ Calquera outro libro esixido pola Lei de Cooperativas de Galicia ou por calquera outra disposición legal.

🕒 Prazo: antes do inicio da actividade

🏢 Lugar: cando o ámbito de actuación da Cooperativa sexa a provincia da Coruña, farase no Rexistro Provincial de Cooperativas, Rúa Concepción Arenal 7 e 9 Piso 1º, A Coruña.

Cando o ámbito de actividade se estenda a máis dunha provincia da Comunidade Autónoma Galega, será no Rexistro Central de Cooperativas, Dirección Xeral de Relacións Laborais, Subdirección Xeral de Cooperativas, Edificio Administrativo San Caetano, BL 5,3º, Santiago de Compostela.

## **SOCIEDADE LIMITADA NOVA EMPRESA**

A tramitación para a constitución dunha SLNE pode realizarse de dúas formas distintas:

- Presencial ou non telemática:

O/A socio/a ou socios/as fundadores/as deberán en primeiro lugar, realizar os trámites para obter a denominación social da Nova Empresa. Para elo deberán obter un código alfanumérico ID-CIRCE a través do sitio web do sistema CIRCE (Centro de Información e Rede de Creación de Empresas, [www.circe.es](http://www.circe.es)) ou do sitio web [www.ipyme.org](http://www.ipyme.org).

A xeración do ID-CIRCE non supón, en ningún caso, a reserva automática da denominación social. O/A emprendedor/a deberá realizar os trámites legalmente establecidos para solicitar a reserva da denominación ante o Rexistro Mercantil Central na páxina web do mesmo.

Obtida a certificación da denominación social, o/a emprendedor/a pode constituír a súa empresa seguindo a tramitación prevista na Lei 7/2003 de 1 de abril sobre a SLNE.

- Telemática:

En Galicia existen PAITS nas catro provincias. Na provincia da Coruña existen catro puntos de asesoramento:

IGAPE. Complexo Administrativo San Lázaro s/n, Santiago.

IGAPE. C/Praza Pontevedra 22, 2º, A Coruña.

IGAPE. C/Praza Camilo José Cela, s/n. Ferrol.

COGAMI (Confederación Galega de Minusválidos). Rúa Modesto Brocos, Baixo, Santiago.

A única vantaxe de constituírse como SLNE, *tanto para a modalidade presencial como para a modalidade telemática*, sempre e cando se utilice o

modelo de estatutos aprobados polo Ministerio de Xustiza, é a posibilidade de beneficiarse da brevidade dos prazos.

Explícanse a continuación os pasos a seguir para constituírse segundo esta modalidade:

**Cumprimentación do DUE (Documento Único Electrónico).** O/a empresario/a acude o PAIT (Punto de asesoramento e do inicio da tramitación ) onde se cumprimenta o DUE a través do programa PACDUE. Isto xera a razón social da Nova Empresa que se incorpora ó DUE.

